

COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER

Segundo o artigo 4.3 do Regulamento de Estudos de Posgrao da Universidade de Vigo, os Programas Oficiais de Posgrao (POP) contarán cunha comisión académica formada por:

- ✓ Presidente/a, que será o/a coordinador/a do POP.
- ✓ Secretario/a nomeado/a pola dirección do centro no que estea adscrito o POP
- ✓ Un membro da comisión de calidade do Centro no que estea adscrito o POP, nomeado polo centro.
- ✓ Catro vogais que impartan docencia no POP. Na súa selección procurase que se garanta a representación dos ámbitos das materias presentes no plan de estudos.

Todos os membros teñen voz e voto e as súas decisións adoptaranse por maioría simple en forma de acordos. A Comisión Académica reunirse por iniciativa do/a seu/sua presidente/a, do/a vicerreitor/a competente en materia de POP, ou a petición de catro dos seus membros.

Son funcións da Comisión Académica:

1. Elaborar, e no seu caso, modificar o regulamento de réxime interno da propia comisión que deberá ser aprobado pola Comisión de Estudos de Posgrao.
2. Vixiar o cumprimento da actividade docente e académica (cumprimento de horarios de clases e titorías, depósito da guía docente das materias na secretaria do centro de adscrición do POP), velar pola dispoñibilidade dos espazos (aulas, laboratorios, equipos de vídeo conferencia, etc.).
3. Seleccionar os/as estudantes admitidos/as no programa.
4. Emitir informe para o recoñecemento de competencias.
5. Formular as demandas de recursos humanos e materiais, debidamente xustificadas.
6. Seleccionar os/as estudantes/as para bolsas ou estadias de mobilidade noutros centros ou institucións nacionais e do Espazo Europeo de Educación Superior baixo os principios de igualdade e concurrencia competitiva.
7. Aquelas que nun futuro se determinen, e estean recollidas no Regulamento Interno da Comisión Académica do POP.

Actualmente, a Comisión Académica do Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible está formada polos seguintes membros:

- Alberto Gago Rodríguez (Coordinador)
- Pilar Piñeiro García (Secretaria e representante na Comisión de Calidade do centro)
- Rocío Rodríguez Daponte
- Xavier Labandeira Villot
- Miguel Enrique Rodríguez Méndez
- Gonzalo Méndez Martínez
- Ana Dopico Parada